

autismo GALICIA

#IstoéTEA

ISTO É TEA




HUB Comunicación
FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA



Son ANA e diagnosticáronme Trastorno do Espectro do AUTISMO.

Os trastornos do espectro do autismo (TEA) están caracterizados por dificultades na comunicación, a relación social e a presenza de patróns ríxidos de pensamento, conduta ou interese e/ou alteracións sensoriais que condicionan a flexibilidade e a funcionalidade da persoa.





"Unha das cousas que máis valoro foi a chegada do meu diagnóstico, o que me permitiu entenderme mellor a min mesma, dar sentido a moitas cousas e buscar os apoios para atopar o meu lugar."

O diagnóstico precoz é a clave para acceder canto antes a unha atención específica e especializada, que resulta esencial para favorecer a calidade e vida das persoas con autismo .



autismoGALICIA #IstoéTEA

"Cando ao ter TEA se lle une a condición de muller, a invisibilidade e a falta de apoios, déixannos nunha situación de especial vulnerabilidade.

Esta é unha realidade que viven moitas mulleres con TEA."

ISTO É TEA



"Vivín co sentimento permanente de non encaixar, sen saber que pasaba.

Por que me comportaba así e non encaixaba no meu traballo nin lograba ter amizades, sufrín ansiedade e depresión ao tratar de axustarme ás circunstancias que me eran incomprensibles."



autismoGALICIA #IstoéTEA

Grazas a unha ruta de traballo coas especialistas da entidade á que pertenzo, a súa intervención psicolóxica especializada e apoios específicos, puiden mellorar en moitos aspectos.

- Intento aceptar o meu tempo para facer as tarefas, e necesito que sexan sinxelas e claras.
- Atopar rutinas de traballo que me dean tranquilidade.
- E mellorar a miña capacidade de comunicación para poder pedir axuda e recoñecer as miñas emocións.

ISTO É TEA



autismoGALICIA #IstoéTEA

"Agora acéptome como son e estou a aprendendo a funcionar coas miñas propias ferramentas, ou non procurando copiar aos demais.

Xa non me culpo por non ser como os demais e aprendín a poñer límites, a coidarme, e estou segura de que seguirei mellorando".



ISTO É TEA

autismoGALICIA

ISTO É

TEA #IstoéTEA

O TEU APOIO TAMÉN É FUNDAMENTAL.
AXÚDASNOS A DIFUNDILO?

DÁLLE LIKE!!!
COMPARTE!!!


HUB Comunicación
FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

 XUNTA
DE GALICIA

